

## INCIDENCIA PEDAGÓXICA E TRATAMENTO DIDÁCTICO DE CASTELAO NA ESCOLA GALEGA

E. DAVID OTERO FERNANDEZ

### I

Se vivimos nunha permanente contradición de nenos que abren os seus libros de historia e fálanlles de liberdade, de honra e de heroísmo e ensínanlle a cantar un himno e a saudar unha bandeira e ensínanlle a venera-los nosos mártires e a carón da bandeira atopan un trapo lixado, a carón do seu himno cántanlle unha cantiga politiqueira e a carón dos homes exemplares que fixeron a historia da patria... (1).

(Fidel Castro, 13-3-59).

Trasladado este anaco de discurso ós nosos lugares do país, emparellaría de grande xeito co cadro dramático e fermoso que ten ó pé, "a derradeira lección do mestre", e penso que a correspondencia expresiva, nunha verbal, noutra plástica, sería evidente e falan ámbalas dúas na mesma linguaxe de dous mundos senón iguais, moi semellantes, ó menos no seu fondo tratamento. Son os dous, conclusións nas que os propios valores recoñecidos permiten xuícios prácticos dependentes de quen sexa o formulante. O home poderá dicir fermoso, feo, malo, bo, etc., segundo perciba os valores da realidade en función de si mesmo. Aquí, baixo a referencia pedagóxica de A. Daniel Rodríguez Castelao, mostramos estas reflexións previas e que agardamos nos porán no camiño para ese propio facer, motivo desta comunicación.

O conflito entre a realidade presente e as perspectivas de futuro, fannos necesariamente pasar polo pasado, polo onte vivido, percibido e, para moitos xa intuído e/ou histórico. A modernidade, o futuro, teñen que mirarse sempre de necesidade no pasado, na tradición, na historia e na cultura dos homes, dos Galegos neste caso. A hamburguesa, a comida plastificada "for rapid" de calquera posto de venda, terán que ser vistos de necesidade no pasado. Sabemos que o ronsel estelar do cometa Halley pasou xa para os presentes e iso faranos teimar no pensamento de que pasará outra vez -sen nós- pero pasará. Aqueles que o vexan no seu paso, doutro xeito cá nós, terán -deberían posuír- outro pensamento.

-Rammán, ¿cres de verdade que chegaremos?.

-Chegaremos. Estaba agardando por ti para continua-la camiñata.

C. Reigosa.

---

(1) Luis Bigot, *El educador neocolonizado*, Caracas.

Pensamento nunha Galicia -hoxe non- fóra do seu cordón umbilical, da súa dependencia implícita. Galicia hoxe que nas palabras de Isaac Díaz Pardo -non hai moito tempo- "está colonizada na súa propia Lingua, en galego".

Don Ramón Otero Pedrayo manifesta, na crónica do seudónimo ilustre, Salvador de Lorenzana:

"Coido, por fe que non se discute, no porvir da Lingua Galega, que ten a maosía de se-la nosa língua esencial".

A escola necesariamente tamén -mirando ós homes e nenos- deberá mirar ó ceo e ó mundo, porque se o fixer, mirará á vida. Faría a lectura atenta e creativa do medio no que se desenvolve e estes elementos daríanlle a verdadeira oportunidade de renacer como tal. Moitos -entre eles Castelao tamén- teimaron e teiman niso, sen lle quita-lo ollo ó libro da vida, ó da natureza das cousas, ó do home, ó do país.

"Liga-la escola ó seu entorno, co protagonismo activo e a singularidade do neno como suxeito que aprende, son pedras angulares do discurso anovador" (2).

A escola nova, a escola nova galega, terá que facer dos seus traballos e tratamentos, un novo berro, que retumbe ós catro ventos, chegando ós homes todos, para que abra as súas portas á vida, á historia verdadeira desa vida e posibílitate un amplo futuro satisfactorio, cheo de novas expectativas. Os seus valados -hoxe aínda grosos muros- deberán caer para que nela entre "ás mans cheas" esa vida, que semella proscrita, oculta, non presentable, con toda a súa carga de variedade, de estímulo e que favoreza o criterio sobre da transmisión pasiva, o facer vivo e participativo sobre do forzado silencio. Porque silencio pode ser vida, silencio pode ser morte.

"As pretendidas avantaxes do profesor de lingua nativo, pola súa propia condición de tal, resultan claramente enfranquecidas cando se lle enfrenta cun alumnado indíxena. Máis o profesor nativo non acadará a xusta dimensión do seu excepcional relevo mesiánico-pedagóxico ata a primavera, cando todos lle insten á celebración -itan nosa!- do día das letras galegas -¿que digo? ¿un día?- unha semana enteira de actos nos que o profesor nativo poderá deixar evidencia da súa intrepidez extra-académica...

O resto do ano, o profesor nativo manterá a súa sórdida e solteira lealdade lingüística por pasigos, aulas, salas de profesores e en monótonas tardes de inverno alguén lle restituirá a súa singularidade nativa preguntándolle calquera rareza léxica ou algunha peculiaridade da dobraxe de Sue Ellen"

A.R. Reixa (Revista Galega de Educación).

É difícil que unha escola -de xeito maioritaria- estea á vangarda da propia sociedade. A escola -en moitos dos casos- está dependente polo medio familiar, social, político. A escola non se deprende da súa dependencia, non se concretizou a súa liberación autónoma. Pola contra, segue con retardo ás conquistas sociais. Temos que necesariamente facer máis pequeno ese retraso e así xa te-

---

(2) Cadernos de Pedagogía, nº 142.

rómo-la primeira victoria cuantificable, apreciable. Tamén consideraremos que isto non está en receitas, nin en métodos explícitos. Isto está nas persoas, nos pedagogos, nos mestres, nos homes, na súa vontade e na súa actitude.

"Estaría moi equivocado quen, mantendo modo de ser e pensar de dominador, pretenda implantar unha metodoloxía da pedagogía liberadora" (3).

A actitude pedagóxica é o elemento -se ata é anovadora- de maior importancia no proceso que se pretende salienta. Sen actitudes favorables, moi pouco importan as intencións, as reflexións, etc. A coerencia do pensamento, interiorización, praxe, será o mellor índice que nos valore o noso facer verbo da nova escola que arelamos e teimamos nela. A escola nova é difícil, non hai lugar para a transmisión, para a rutina. O medio, o ambiente, a realidade tanxible, son os elementos básicos que xustifican a súa pedagogía, a súa didáctica, a súa teoría. E preciso un novo mestre. Poderemos facer anovacións, pero se non hai anovadores de pouco ou nada nos serve. A casos presentes e claros me refiro no noso país, ex.: cumprimento da L.N.L. (4), a área de experiencias en galego. Proba esta -entre outras- actitude dos mesmos, así como a importancia das actitudes favorables cara do mesmo. Se non hai unha actitude, o compromiso e baleiro, superficial e ó máximo pasaxeiro en terceira clase de curto traxecto. Castelao -polá súa propia vida, polos seus escritos e traballos- é unha fonte de motivacións favorables cara o compromiso e formación de actitudes favorables que teñan por denominador común o traballo nun entorno moi determinado e delimitado, Galicia. Castelao tamén era, ou sería, un anovador. Era consciente dos problemas, mellor diría, vivía eses problemas e polo tanto reflexionaba neles e tamén cos seus compañeiros de xeración ofertaban alternativas pedagóxicas. Temos por caso a declaración da xeración Nós:

"A Xeración Nós decidiu incidir pedagoxicamente sobre a sociedade Galega, ergue-la súa conciencia, encamiñala cara a procura da súa propia personalidade, esquecida baixo a codia artificial da cultura, os ritos e os mitos da España opresora" (5).

Son moi importantes as actitudes que as persoas en xeral manteñan no feito educativo, sendo de salientable incidencia-a concepción da escola baseada profundamente na experiencia -nas vivencias- que xeran as aprendizaxes, as novas conductas e todo iso nun marco de comunicación na lingua propia dese entorno vivencial. Os novos mestres e ensinantes galegos -parte importante, pero non única do novo ensino que está a lumbrigar- interiorizarán a comunicación como elemento positivo e posibilitador dos mellores resultados. A comunicación (en tódolos modelos posibles e contextualizados) estará baseada no soporte lingüístico propio da terra, na Lingua Galega. As palabras de Uxío Novoneira, referentes ós poetas, teñen aquí aplicación directa ós mestres:

---

(3) Paulo Freire, *Pedagogía del oprimido*.

(4) Lei de Normalización Lingüística.

(5) X.L. Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneira*.

"ÓS NOVOS POETAS (MESTRES) GALEGOS:

PIDENME QUE LLES DIGA ALGO ÓS NOVOS POETAS (MESTRES) GALEGOS.  
PEDIREILLES QUE NUNCA EMPEÑEN A SÚA PALABRA...

HAN DE ESTAR POLO MENOS EN DISPOSICIÓN DE IR OU DE TORNAR Á  
FRONTEIRA ONDE SE FAI O HOME NOVO".

Manter dúbidas sobre disto, permanecer coa eterna transitoriedade e agarda-las posibilidades de utilidade idiomática en base á pasividade propia, son todos eles aspectos negativos para as arelas e desexos anovadores. Sen unha actitude receptiva -de contraste cun mesmo- non é posible pensar nun futuro novo, nin nunha escola do mañá máis gratificadora e con anxeios verdadeiros de avanta-los altos obstáculos coa propia forza da súa existencia concreta e non por entregas e lecturas ó pé da letra doutras alleas e modélicas metodoloxías que na súa aplicación na terra, pouco teñen que ver connosco, aínda que non se dubide da súa validez noutros contextos, que as fixeron posible. Só a creación dunha alternativa propia e nova, moderna, será a que, pola asunción da mesma pola sociedade galega, faga posible a non existencia, nin a presenza dunha inadecuación da propia educación no ámbito que ela se desenvolve. Neste punto o mestre Antón Rozas Caeiro, dínos:

"Inadecuación da educación ó ámbito socio-económico-cultural. Conséguese con isto que se ignore o propio, é dicir, adquisición de coñecementos alleos á realidade do neno e, por suposto, en castelán. Deste xeito, acádase a perfecta alienación do individuo" (6).

Ambito-medio e expresión serán os elementos importantes e inexcluintes de calquera modelo de escola que se trate de levar adiante na nosa terra. Na época urxente do profesor nativo de galego, A.R. Reixa...

"Coa soidade natural do profesor nativo arrastro o meu lingüístico e nocturno excepticismo pola avenida, volto á casa e con aceda ternura bogart penso naquel alumno que dicía (por levar) coa lóxica abafante de "llamar"-chamar, "llevar-che var; naqueloutro que non cre que exista ningún sitio onde digan "animais" ou no meu colega de física que ten que deixar de da-las clases en galego polo brutal solipsismo que isto lle produce diante do seu urbano alumnado. Sigo camiñando e calculo o tempo que tardarán en "reciclarse" lingüísticamente a mairía do meu claustro e as simpáticas chicas da secretaría, pero mentras enxerxo ese espúreo valado que nos convoca a un referendo de desfeita para ..... todos eles fronte ó televisor e á artillería de "non sis" da familia Ewin. A reflexión sobre a perversa relación entre normalización lingüística e modelos culturais xa me produce tal arrepío que acelero o paso para non pensar en nada" (7).

A interacción constante da persoa co seu medio, mediatizada pola súa cultura, fai necesaria unha adecuación máis integradora da escola galega. Non se pode deixa-la cousa no enunciado de termos xerais, lonxe e fóra das propias aulas. Isto non axuda, nin motiva, nin compromete. Sería fermoso que dentro dos anos vindeiros fixésemos certas as palabras do Profesor D. Ramón Lourenzo: "...e o

---

(6) Antón Rozas Caeiro, *Revista Galega de Educación*, Ed. Xerais.

(7) A.R. Reixa, *Revista Galega de Educación*, Ed. Xerais.

que con 18 ou 20 anos nos parecen imaxes atrevidas, con 40 anos parécenos unha total inxenuidade". Isto motívanos á insatisfacción permanente que deberá presenciarse no novo mestre, no novo ensinante. Atrévete e vive a inxenuidade dos corenta anos en base da valentía dos 18 ou 20. Iso é andar, camiñar, cambiar e non quedar no estancamento propio das palabras de Salvador Bodaño, cando di:

"Porque xa non sei se esta terra é máis nada que un lugar fermosísimo onde morrer...".

Castelao -home global, enteiro da terra- encardinado como fillo propio e vivencial, é unha referencia -entre outras- para unha profunda motivación e concepción da vida galega, da pedagogía galega. Castelao define de fondo xeito ilustrativo a personalidade nacional, base de estudo para unha escola galega chea de valores propios como vida da mesma. Así o manifesta en "Sempre en Galiza":

"A realidade actual dá noxo; pero non podemos fuxir dela por escrúpulos inútiles, pois para modelar un pobo de barro é forzoso lixa-las mans. De tal xeito impónse unha política de realidades, que os mesmos defectos deban ser cultivados para que se troquen en virtudes. Fundirse co pobo, senti-las angurias da súa resignación, infundirlle conciencia da súa personalidade e capacidade, darlle vida e arelas para prosperar. Primeiro ser; despois triunfar. Porque aquel que non teña fe absoluta nas virtudes en potencia, do noso pobo, non ten dereito a galvanizalo con promesas electoreiras e transitorias".

(Badaxoz. Abril-Outubro 1935).

De todos nós é verdadeiro un sentir destas palabras. Aprender é darse conta. Hai cousas que están moi claras; se non as vemos é porque nolas tapan ou porque andamos sen mirar, de xeito non responsable. Non teñamos medo en entrar nun terreo que nos semella descoñecido. Teñamos creencia en nós e confianza. Un mestre de Orellana la Vieja (Badajoz) en comunión con tódolos anovadores ensinantes e tamén en incidencia coas devanditas palabras de Castelao, dinos:

"Abri-los ollos e ver é maravilloso. Chegar ás cousas e inquiri-lo porque, leva consigo unha sensación agri-doce, porque doce é ver e descubri-los valores e virtudes do que amamos, pero é amargo comproba-los seus antivalores e defectos" (8).

A xustificación desta introducción, está na concepción de que para unha actividade práctica, directa e operativa, é preciso sustentarse nunha reflexión e concepción pedagóxica. Por iso, esta reflexión en voz alta e escrita, a xeito de introducción, xustificará unha praxe e análise de traballo posterior máis directa. Favorecerá a comprensión global, así como a particular desta nena -Isabel Bravo de 6º de E.X.B.- alumna da escola do devandito mestre de Orellana la Vieja:

"Abre as túas grandes portas escola e mira.

Estás darredor das rutinas, das apariencias

¿Non ves que todo se move e a vida ha de ser doutra maneira?.

¡Non sexas a escola rixida con instrumentos de madeira!.

Deixa o manto oscurecido na maleta. Ponte un cheo de cor e fermosura.

Se ti cambias, cambiará o ambiente,

---

(8) F. Fernández Cortés, *Escuela Viva*.

e nós seremos uns nenos abertos,  
acogulados de ideas,  
que formaremos un mundo de verdade intensa novo, xusto, sen inxusticia para sempre.

Se ti cambias, a nosa vida será máis nosa.

NON CONSENTIREMOS SER COMO AÑOS QUE SE LEVAN A CALQUERA LUGAR  
DA TERRA.

Sé unha escola inqueda, que teña grandes ideas, para fundir de novo o mundo que se nos crea.  
ENSINANOS A PENSAR, ESCOLA, E EXPOÑE-LA NOSA PALABRA LIBREMENTE.

Dinos que o noso lema sexa:

NON TER MEDO,  
PARA VIVIR EN IRMANDADE.

Se ti foses así escola.

¡Que fermoso sería o meu ambiente!.

## II

Calquera ensinante galego -motivado ou non- aínda que interesado nunha renovación pedagóxica verbo da escola galega, precisa inevitablemente considera-la referencia precisa que é Castelao home, Castelao creador singular de fonda realidade na que vive, na que se desenvolve. Daniel presenta nel, no seu vivir e facer, unha permanente mostra que merecerá sobremaneira a atención de calquera ensinante. A coerenza vivencial, o coñecemento da realidade galega, as súas vivencias coa terra e a lingua sempre como sustento, posibilitaron unha abundosa produción. Castelao persoa, político, artista creador nas variedades expresivas e intelectuais (ensaio, conto, debuxo, etc...) é un obxecto de estudio e consideración para calquera que se precie a favor dunha escola galega e anovadora. Castelao é exemplo, sinal exemplarizante de sensibilidade fondo dunha identidade e universalidade, desde o seu entorno, desde a súa terra, desde a súa lingua. Un dos sustentos básicos e primarios da acción pedagóxica está no modelo comunicativo/expresivo no que esta se desenvolve. A Lingua como cemento e pilar da comunicación é ineludible no marco no que ela mesma se desenvolve; xa que logo, esa lingua non pode quedar fóra no contexto educativo da nosa propia comunidade. Castelao nado nun entorno particular -mariñeiro-, Castelao neno e emigrante, estudante, creador, médico, político, funcionario, artista, exiliado, desterrado, é exemplo, xunta nel as múltiples facetas referenciais, dentro dunha acción de traballo, tanto fóra como dentro da escola. A preocupación de Castelao polo ensino e a ensinanza encardinada na propia vida de Galicia, é de clara evidencia significativa. A atenta observación e lectura que da obra e vida, feitos e mensaxes de Castelao terase que facer, é urxente necesidade se se quere entender este país noso en función de calquera das facetas que se queiran tratar. Tanto ó remate da súa lectura como ó principio da mesma, preséntase nese cadro plástico, cheo de vida, nunhas circunstancias ben coñecidas e vividas, rexistrándose el primeiro por se houbera dúbidas, na "derradeira lección do mestre". O mestre -Castelao tamén- da vida, vive por todos e morre dignamente pola verdade precisa

da terra. A verdade como obriga permanente do ensinante, a súa percura teimuda e nela, o ensinante fará a súa práctica e o seu compromiso. De todos é ben sabido os múltiples atrancos e problemas que a escola a cotío lle afectan. A idea "util" que da mesma se fai, sen antes intuir e sabe-la súa verdadeira función real. A escola debe interesar e motivar na toma de conciencia dos problemas. O alumno-mestre-sociedade, antes da solución técnica -deberán asenta-lo espírito científico para acadar-la propia ciencia. Non podemos facer dos nosos nenos uns papagaios parladores e transmisores da Ciencia aprendida, non vivida na súa posible medida e ben aprendida na transmisión polos ensinantes. Antes -como nos indica Castelao na súa obra- en base á vida, ó entorno e ó propio coñecemento de todo, debere-mos interioriza-la vivencia en estrutura de competencias e aptitudes que posibilite esa ciencia. ¿Porque non lle di nada a escola ó neno que manifesta:

-Eu hoxe non quería ir á escola. itotal para o que se aprende nun día!.

Para un neno motivado -tamén tratado afectivamente, dígase integrado- non como alumno obxecto de coñecementos aprendidos, memorizados, un día na escola é un século inagotable de fermosas experiencias. ¿Porque lle ensinamos e lle damos feito como é a solución, a conducta a acadar, o coñecemento a memorizar, sen antes favorecer nel a toma de conciencia do mesmo?. ¿A caso non interesa que esa verdade -toma de conciencia- entre nel?. Dámoslle o feito consumado. Semella que lle estamos a dicir que como non faga como lle dicimos nós, non aprenderá nunca. Moitas das veces o neno semella un señor con un coche que leva tódolos aparellos para amañalo e non sabe cando vai pinchado. Só sabemos o preestablecido. Castelao reflexouno moi ben:

-O home que máis sabe do mundo é o noso mestre. ¡Hai que ver canto sabe!.

Este mesmo mestre e/ou mestra era aquel que lle privaba ós seus nenos de cantar porque el o facía moi mal. ¿Non sería acaso bo que o neno -mellor cantor có mestre- lle dixera:

-¡Cala!. Hai que ver como desafinas.

Convén mante-lo segredo das nosas limitacións como ensinantes, para que os nenos non os saiban, non os perciban, nin tan siquer os intúan. Así, cando se dea conta, xa estará fóra, lonxe de nós, noutro lado padecendo as carencias das que nós fomos culpables. Pecharémolle-los ollos para que non vexan, pero non o miolo para que pensen de nós. Pecharémolle-los ollos para que non vexan o que ocorre ó seu arredor. Amamos máis á nosa asignatura ou currículo cós nenos que debemos educar. Somos uns vaidosos. Por iso suspendemos tanto e falámoslles na lingua que menos entenden e viven. Hai que poñerllo pouco doado. Así a nosa vaidade quedará xustificada en nós e o noso saber pouco compartido. ¡Que pouco importan os sintagmas, as perífrases, fronte doutras cousas máis importantes e previas a iso!.

-Es Usted -referíndose ó neno- un sinvergüenza, un miserable, un canalla. ¡Una vergüenza de la sociedad!.

Estou por seguro que poucos dormen tranquilos, aínda que teñan os ollos pechados e o reloxo os acorde á hora de entrar na escola.

¿A caso o neno ven coa moral, cando nace, debaixo do brazo?. Tamén, por riba, teimamos en lle empregar unha Lingua allea, fóra do seu entorno para que todo se lle faga máis inalcanzable, menos doado. ¡Cantas sensibilidades de Castelao mestres farían falla hoxe?. Homes sensibles, de ideas claras, non apóstolos, si coñecedores e amigos da verdade, que viviran e comprenderan a verdadeira nenez, comprendendo a ese neno concreto que está diante deles. Poder dicirlle -non de xeito paternalista-

-Para ti un ano máis; para min é un ano menos.

O ton, a afectividade dun tránsito feliz -non traumático- da nenez ó período adulto. Sentirse medrar, ollando para adiante. Esa escola competitiva, sectorial, dispersadora, non predica a igualdade de oportunidades por ensinarlle a todos por igual. ¡Pobres dos desfavorecidos!. Desfavorecidos quedan. Non todos andan ó mesmo paso pola vida, nin polos mesmos carreiros.

-A ti no te puxieron nada los Reyes, porque tu papá es republicano, ¿sabes?.

-¡Que boa patada che meteu teu pai! ¿eh?.

-Pero foi cos zapatos de goma.

Castelao coñecía perfectamente o seu entorno, as xentes e tiña con clarividencia a imaxe do seu futuro, asumía a súa redención, a do pobo, en base a unha escola e un idioma, a unha identidade forte. Por iso era crítico, incómodo, non transmisor paternal. Por iso era creador, non favorecedor de estereotipos. Por iso era concienciador para unha liberación global, pola identidade, pola propia obra dos galegos. Cría fondamente no facer singular dos pobos libres, os cales ante as súas propias dificultades, en base as súas competencias e liberdade, elaboraban a súa alternativa de futuro. Non era un paternalista ensinante ou un galego protector de intereses mínimos. Castelao ollaba para a Galicia enteira, para a de todos. Castelao era un loitador solidario cos que sofren.

### III

Castelao non se deberá tratar na escola como unha memoria. Castelao será un elemento vivo de tratamento. Os nosos nenos sofren agresións -¿non físicas?- pero que son de maior magnitude cás devanditas.

¿Respétaselle ó neno a súa Lingua materna?. ¿Hai unha actitude favorable cara dela, cara a el, ós seus?. ¿Respétaselle-los seus entornos familiares e xerais?. Observémo-lo debuxo da muller que naceu con moito talento.

-Somos bilíngües.

-Non miña dona. Queremos selo. Polo de agora somos diglósicos.

Actitudes "favorables":

- ¿A donde fuiste este verano?.
- ¡Ay!. Lo pasamos de rechupete.
- Profe..., veña. Que agora temos clase de galego.
- Xa vou. ¡Ay que niño este!.

¿Respétase a linguaxe espontanea e cotiá do neno?.

-Profe.... Onte, ó saír daqui, fun pola rúa nova. Había moitos coches, moitos ruidos. Tamén puxeron semáforos. ¡Sorpresa!. ¿Sabe a quen atopei?. Atopei o Lois, ó neno que estudiou aquí o ano pasado. Si, aquel neno groso e tan simpático que cantaba tan ben. ¿Recordas?. Eu díxenlle:

-¿Que tal estás no novo Colexio?.

-Moi ben -respostoume-

Eu olleino un pouco triste, sabe...

-ivale!.

Agora imos face-lo traballo correspondente. Imos facer unha redacción sobre..., si sobre un paseo pola rúa. ¡Lembrade!. Non máis de quince liñas, boa letra, garda-las marxes, etc... ¡OLLO!.

A un neno que se lle manda calar -sen o deixar falar- agora quérese que escriba, que compoña.

-Non sei que facer. Non sei como motivalos. Antes eran máis expresivos -dicía ela á hora do café na sala de mestres do Colexio.

Nunha viaxe a Pontevedra -este que lles fala- conducindo, de chofer, escoitou:

-¡Ay!, mi sobrino los domingos por la tarde, despues de comer, cuenta unos chistes en gallego muy simpáticos. ¡Ay que risa! ¡Que bien lo pasamos!. Tiene una gracia...

Castelao tamén comunicou:

-Ese muchacho dicen que sabe muchísimo.

-Si, pero tiene un acento tan gallego.

Os vocabularios e léxicos, por non haber vivencias e actitudes claras, contríñense ó puro academicismo.

-Mestra...

-¿Queeee?.

-Meu pai mercoume "unha libreta de somier".

-¿Como? -dixo sen entender.

Os recursos comunicativos amplos, comencan na linguaxe espontánea, os cales debemos gratificar. O tratamento didáctico de Castelao sobre de todo xustifica o futuro, ilustra o presente, para acadar en base a unha volta, estudio, observación e coñecemento do pasado, vivindo un presente non moi distinto. Terémo-lo futuro que queremos en base a análise do presente comparativo co pasado. Un tratamento didáctico está baseado nunha concepción clara, onde as actitudes favorables cara a Terra, a súa singularidade, a súa lingua, a afectividade e compren-

sión do neno, sexan concretas e notables. Reflexionemos en como contextualizámola propia clase, o noso falar, como nos mostramos ante o neno. De todos son ben coñecidas as actitudes ante Manolito, Jorgito e Manoliño, Bicito e Xoanciño. A conducta diglósica que mantemos.

-¡Ay! -dicia un mestre- os meus nenos nos traballos de Sociais prefiren ó castelán, dalle máis recursos. Eu xa teño dúbidas de se esa disposición é boa.

Outros sen rubor, manifestan:

-Mire Usted. Si esa disposición va en serio, nosotros en BUP en nuestro Centro, pondremos como materias obrigatorias la Plástica y la Dinámica.

Boeeenooo, ¿e logo como son os cangrexos en Madrid?. Pois..., son encarnados -di Castelao-.

O entorno, o coñecemento do mesmo en base das súas eivas e posibilidades, dentro dun marco lingüístico claro e cunhas actitudes verdadeiramente pedagóxicas, serán os elementos puntuais da acción na escola e fóra dela. ¿Son os elementos de compensación, fóra da escola, os apropiados?. O neno -evidentemente mediatizado polo mestre- deberá ser un obxecto participativo en autenticidade educativa, en base á súa situación real, non suposta ou estandar dos libros/mostra, que sendo referencia importante, non encaixan co neno concreto. O neno ten moitas cousas, pero carece de outras, a escola terá que se-lo elemento regulador e favorecedor de novas actitudes e competencias no neno. Castelao é un material preciso e oportuno nas nosas escolas, o cal polos valores que en si se pechan, polo seu emprego reflexivo e analizado, favorecerá, axudará ó logro dos obxectivos que conlevarán os mesmos valores que del se desprenden. Os ensinantes teremos de te-las ideas claras, así como as actitudes precisas para que, por estudio directo de Castelao, non se produza no neno o estereotipo do autoodio, nin o da diglosia maldita que está ben introducida nas nosas aulas. Castelao deberá se-lo elemento motivador, para acada-la identidade que nos temos, da que carecemos. O outro será traballar en terreos ermos e sobre todo perigosos. Non olvidémo-la coerencia lingüística de Castelao, a cal nós teremos de manter coa nosa actitude. Tratar Galicia, ós seus homes, ó entorno desde outra lingua é poñer unha lousa máis na porta da ucha onde se quere garda-lo galego a Galicia. Non é que Castelao sexa a panacea, a sacralización, a única vía, pero si é unha referencia de tamaño importancia, dentro dun ensino anovador, como tamén o era a súa vida e conducta. Tamén é difícil ensinar aquilo non que non se cre, aquilo que non se ama e coñece. A escola galega non proxectada en Galicia, morre en si mesma. Pensemos nos dereitos que protexen ó neno. Non maltrataremos ó neno en función do neno maltratado que nós fomos. Pensemos que a vida segue. ¿Que pasa nas rúas?.

#### IV

A xeito de remate, unhas pequenas consideracións.

Deixaremos constancia das mesmas, para a análise das mesmas e sirvan de reflexión, non de receita, porque non as hai. Hai uns nenos, unha escola uns ensinantes, unha sociedade, unha cultura, unha historia. ¿Que facer con todo?.

"Os nenos van á escola para seren educados -di a administración. ¿Será para ser adestrados para unha conducta preconcebida?.

Os nenos van á escola para facérense homes -din os pais- ¿Será para promovérense socialmente?.

Os nenos van á escola para aprender -din os Profesores- ¿Será para seren ensinados?

Os nenos deberían ir á escola para atopar-la ledicia e para aprender consecuentemente a facer algo satisfactorio, a conque-la sabiduría através dos modelos humanos que se lles ofrecen e a utilizaren os instrumentos de cultura postos á súa disposición" (9).

A escola deberá se-lo ambiente afectivo, feliz, onde tódolos nenos de tódalas familias se poidan sentir ben acollidos, calquera que sexa a súa orixe e condición, forma, vida, vestido ou cheiro. O clima da escola deberá ser acolledor, regulador, equilibrado, limpo, etc., todo dentro dun marco comunicativo, expresivo, distenso, propio e contextualizado na súa realidade. A escola deberá saber e comprende-lo que é espontáneo, preciso, creativo, poético, científico. Non se pode quedar -dentro dun todo- cunha parte, normalmente a máis facil e doada, tamén a máis rutinaria. Hai os que antes de pensar -en palabras de Luria- prefiren sacar conclusións. Non se trata de receitar e menos sen percibi-lo mal, sen ter conciencia del dalgunha maneira. Gástanse millóns de pesetas en experimentar decretos en vez de investir nos ensaios de métodos de ensino en campos puntuais da educación e en sectores xeográficos delimitados como centros de interés.

-Castelao estaría de acordo que a pedagogía da nova escola deberá inspirar ós ensinantes un desenvolver dos nenos, acorde coas súas aptitudes básicas. Pero -tememos- que iso corra o risco de deformarse con vistas a promocionar un ensino académico, mecanizado de lecturas e coñecementos que non ten en conta o que o neno colle espontaneamente, así como as competencias que acada e desenvolve fóra do noso control avaliador.

---

(9) Joao dos Santos, *O falar das Letras*, Lisboa.